

ADAPTACIÓN
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, ...), sinxelas, así como instrucións e repeticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura
B5.4. Expresar noicións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.	PLEB5.4. Diferencia saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you)
B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básico	PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos (nome, idade) e da súa contorna (obxectos, espazos seres vivos).
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Exame da realización das tarefas enviadas durante o terceiro trimestre.
	Instrumentos: Corrección por parte do profesor das actividades de apoio, reforzo e ampliación das Unidades 1, 2, 3 e 4 do libro. .
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación de final de curso será a nota media da 1ª e 2ª avaliación.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	O alumnado realizará actividades e tarefas de recuperación, reforzo e repaso relacionadas coas unidades xa traballadas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	O alumnado con conectividade terá propostas semanais e quincenais expostas na páx. Web do centro, así como na plataforma BLINK. O alumnado sen conectividade poderá facer algunhas desas actividades facendo uso do servizo da impresora da ANPA.
Materiais e recursos	Follas escaneadas Enlaces web. Plataforma BlinkLearning. Fichas interactivas. Ordenador, tablet, folios Follas de apoio, reforzo e ampliación dos temas dados nos dous primeiros trimestres.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. -Páxina web do centro . -ABALARMÓBIL -Correo electrónico. -Plataforma Blink, para os que contan co libro dixital.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.